

Os incidentes racistas, xenófobos e intolerantes teñen consecuencias

As secuelas físicas e psicolóxicas de incidentes/delitos de odio poden permanecer nas vítimas ao longo de toda a vida.

Os efectos esténdese ás súas familias e á comunidade.

Un só incidente basta para causarles sufrimento á vítima, á súa familia e á súa comunidade.

SENSIBILIZACIÓN PARA A DETECCIÓN DE INCIDENTES DE RACISMO, XENOFOBIA E OUTRAS FORMAS DE INTOLERANCIA NO ÁMBITO SANITARIO é un proxecto liderado pola Secretaría Xeral de Inmigración e Emigración do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, a través do Observatorio Español do Racismo e a Xenofobia (Oberaxe), en colaboración coa Escola Nacional de Sanidade, do Instituto de Saúde Carlos III.

Cofinanciado polo Fondo de Asilo, Migración e Integración

Para saber máis

Observatorio Español del Racismo y la Xenofobia	Correo electrónico: oberaxe@meys.es http://explotacion.mtin.gob.es/oberaxe
Consejo de víctimas de delitos de odio	Teléfono: 91 528 51 04 Correo electrónico: covidod@gmail.com
Servicio de asistencia de víctimas de discriminación	Teléfono gratuito: 900 203 041 Correo electrónico: info@asistenciavictimasdiscriminacion.org www.asistenciavictimasdiscriminacion.org
Oficinas de asistencia a las víctimas de delitos violentos y contra libertad sexual	http://www.mjusticia.gob.es/cs/Satellite/Portal/es/servicios-ciudadano/oficinas-asistencia-victimas
Movimiento contra la Intolerancia	Teléfono: 91 530 71 99 Correo electrónico: solidaridadmci@gmail.com
Ministerio del Interior	http://www.interior.gob.es/web/servicios-al-ciudadano/delitos-de-odio

Denunciar un delito de odio

Guardia Civil	Policía Nacional
900 100 062	900 100 091



PREVENCIÓN E DETECCIÓN do racismo, a xenofobia e outras formas de intolerancia no ámbito sanitario



O obxectivo é sensibilizar e formar os profesionais sanitarios para detectar e axudar as vítimas de incidentes e delitos de odio racistas, xenófobos ou outras formas de intolerancia, no marco do seu traballo profesional.

Nipo papel: 270-16-102-3 Nipo PDF: 270-16-105-X Depósito legal: M-34966-2016

Por que falamos de racismo, xenofobia e intolerancia?

O racismo divide o mundo en “razas” e afirma a inferioridade dalgúns colectivos étnicos e a superioridade doutros.

A xenofobia leva hostilidade cara ás persoas de diferente orixe nacional, á súa cultura e aos seus valores.

A intolerancia é unha actitude de rexeitamento ou desprezo cara ás persoas, á súa dignidade e aos dereitos pola súa condición ou opinión diferente.

Só existe unha raza, a raza humana.

Non nacemos racistas pero aprendemos a selo.

As actitudes racistas, xenófobas e intolerantes danan a dignidade das persoas.

Que son un incidente e un delito de odio?

Segundo as institucións europeas, un **Delito de Odio (Hate Crime)** é: toda infracción penal, incluídas aquelas contra as persoas e a propiedade, onde a vítima, o lugar ou o obxecto da infracción son seleccionados pola súa conexión, relación, afiliación, apoio ou pertenza real ou suposta a un grupo baseado na “raza”, orixe nacional ou

étnica, idioma, cor, relixión, idade, minusvalía física ou mental, orientación sexual ou outros factores similares.

Un **incidente de odio** é aquel que sexa percibido pola vítima ou por calquera outra persoa como racista, xenófobo ou doutra forma de intolerancia, aínda que non sexa delito.

Que son as mensaxes e o discurso de odio?

Quen comete incidentes ou delitos de odio, están a lanzar unha **mensaxe** a todo o grupo ao que pertencen as súas vítimas. Estas mensaxes pódense detectar pola simboloxía dos agresores en forma oral, graffitis, tatuaxes e outros signos que son unha evidencia da motivación.

O Discurso de Odio (Hate Speech) abarca todas as formas de expresión que propagan, incitan, promoven ou xustifican o odio racial, a xenofobia, o antisemitismo e outras formas de odio baseadas na intolerancia.

Como detectar que unha persoa foi vítima dun incidente de odio racista, xenófobo ou doutra forma de intolerancia?

Algúns indicadores esenciais:

A vítima atopábase nun lugar onde se cometeron delitos contra outros membros do seu mesmo colectivo.	A agresión ten un alcance desproporcionado e pódese producir de forma súbita ou sorpresiva.	Diferenzas de identidade entre o agresor e a vítima.
Expresións humillantes ou de odio, estética e tatuaxes dos agresores.	Simboloxía e graffitis de incitación ao odio na zona de agresión.	Pertenza da vítima a un colectivo “obxectivo” dos grupos de odio.
Reivindicación do ataque por un agresor/a, ou o seu manifesto activismo na zona.	Percepción da vítima e/ou das testemuñas de que é un incidente de odio.	
Ausencia de motivación económica ou doutra índole.		

Que pode facer O PERSOAL DOS CENTROS SANITARIOS

para axudar as vítimas?



Sexa acougado/a e respectuoso/a coa vítima e coas testemuñas.



Non ignore o incidente e rexistre os feitos nos partes de lesións, historia clínica e outros documentos pertinentes.



Colabore con forenses, xuíces e fiscais para que o delito de odio non quede impune.



Advirta o/a traballador/a social do seu centro para a posible axuda á vítima (contacto cun servizo, público ou de ONG, de atención a vítimas de delitos de odio).



Informe as forzas de seguridade (Policía ou Garda Civil), especialmente se na agresión se usaron armas.



Explíquelles con claridade á vítima, sen alarmala, sobre cal foi a causa da agresión: o odio.



Aprecie os posibles danos psicolóxicos da vítima e o seu impacto familiar.



Asesore a vítima sobre os primeiros pasos para realizar en canto á denuncia e procura de apoio (as ONG especializadas son sempre de grande axuda).

Un apoio adecuado pode mellorar as secuelas do trauma sufrido.